



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ANUNCIO LICITACIÓN CONTRATO MENOR

EXPEDIENTE TEDEC 2020/C002/000059

CONTRATACION DE POLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Tipo de contrato : PRIVADO DE SERVICIOS

Valor estimado: 7.000 euros

Plazo de ejecución: 1 año a contar desde 1 de noviembre de 2020

Clasificación CPV:

66510000- 8 Servicios de seguros

- 66516000-0 Servicios de seguros de Responsabilidade Civil
- 66516400- 4 Servicios de seguros de responsabilidade civil xeral
- 66516500- 5 Servicios de seguros de responsabilidade civil profesional

Proceso licitación :

Procedimiento: Contrato menor

Tramitación: Ordinaria

Presentación de oferta : Sede electrónica Ayuntamiento de Arzúa
<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>

Idioma de presentación : Español/ Gallego

Entidad adjudicadora :

Alcalde Presidente Ayuntamiento de Arzúa

Tipo de Administración: Administración Local

Actividad principal : 22- Servicios de Carácter general

Tipo de entidad adjudicadora: Organo de contratación

Sitio web: <https://arzua.gal/>

Pérfil contratante : <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=OMhpFfD0%2FDIQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>

Dirección Postal : Concello de Arzúa, calle Santiago, nº 2- Arzua

Contacto : Teléfono: 98150000; fax: 981500914 y correo electrónico : secretaria@concellodearzua.com

Plazo presentación ofertas : 2 días naturais a partir do día seguinte o da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste concello.

Requisitos de participación licitadores:

Condición admisión : Ver cláusula 6 y 7 PCAP



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Documentación de la oferta a presentar :

- a) Declaración responsable conforme a modelo PCAP
- b) Oferta económica conforme a PCAP

Criterios de adjudicación:

- a) Oferta económica (ver PACP)

En Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe.

O alcalce

Asdo: José Luis García López



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

ANEXO 1

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATACIÓN DE PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL CONTRATO MENOR TEDEC 2020/C002/000059

1.- OBXETO:

El presente contrato tiene por objeto la contratación de póliza de responsabilidade civil conforme a prescripciones técnicas indicadas no PPT.

CPV

- 66510000- 8 Servizos de seguros
- 66516000-0 Servizos de seguros de Responsabilidade Civil
- 66516400- 4 Servizos de seguros de responsabilidade civil xeral
- 66516500- 5 Servizos de seguros de responsabilidade civil profesional

2.- ORZAMENTO :

Calcúlase un prezo base anual para seguro de Responsabilidade Civil Patrimonial que ascende a unha contía máxima de **7.000 euros**.

- Custos directos: **3.920,00 euros.**
- Custos indirectos: **3.080,00 euros**

Os 3.080,00 € de custos indirectos desagreganse da seguinte maneira:

- ☐ Impostos sobre primas de seguros: 400,00 €
- ☐ Taxa de liquidación de entidades aseguradoras: 5,74 €
- ☐ Gastos xerais: 678,00 €
- ☐ Beneficio industrial: 1.996,26 €

Valor estimado 1 ano de contrato : 7.000€

indícase que este importe **non está suxeito a IVE** en virtude do establecido no artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido que establece que non están suxeitas as operacións de seguro, reaseguro e capitalización.

3.- PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS

Ver PPT.

4.-PRAZO EXECUCIÓN

O prazo de execución un ano a actualidade os seguros vixentes presentan disparidade nas súas datas anuais de vencemento. O adxudicatario deberá proceder á asumción das responsabilidades vixentes nas pólizas actuais ou a realizar as xestións correspondentes para o seu traspaso. En todo caso os custos destas xestións correrán a cargo do adxudicatario.

As características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

A duración dos contratos debe axustarse dende a data de comenzo do mesmo. No caso de que o contratista demórese mais dun terzo da duración do mesmo, podería ser causa directa de resolución.

5.- LUGAR PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIONS

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da sede electrónica do concello de Arzúa <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>, en el plazo de 2 días naturais naturais a partir do día seguinte o da publicación do anuncio de licitación no taboleiro ón de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo arriba indicado en arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electrónicamente polo licitador ou persoa que o represente, coa documentación e requisitos esixidos.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas durante as 24 horas de cada día o último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23:00 horas 59 minutos 59 segundos.

Se a oferta é recibida despois de dito prazo e horario será rexeitada.

6.- REQUISITOS PARTICIPACIÓN PROPOSICIONS

Poderán formular oferta as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, por si ou por medio de representantes, que teñan plena capacidade de obrar (art. 65 LCSP), non estean incursoas en prohibicións de contratar ás que se refiren os arts. 71 a 73 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira (art. 87 LCSP) e técnica (art. 88 LCSP) ou, nos casos nos que así o esixa a LCSP, se atopen debidamente clasificadas (art. 77 LCSP). De igual modo deberán cumprirse as condicións especiais de compatibilidade sinaladas no artigo 70 da LCSP.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias dos contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito da actividade que a teor dos seus estatutos ou regras de actividade lles sexan propias.

Poden contratar co sector público as Unións de Empresas que se constituirán temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. A estes efectos e para este contrato, as empresas deberán aportar **certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros que contemplen as prestacións previstas nesta contratación**, consonte co establecido no artigo 74 del Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados) ou documento equivalente para as empresas de Estados Membros da Unión Europea-, nos termos previstos na cláusula 17, apartado 9º.

A adxudicación de contratos a favor de persoas que carezan da capacidade de obrar, da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional; da habilitación empresarial ou profesional cando sexa esixible; da clasificación, cando esta proceda ou que estean incursas en prohibición de contratar serán nulas nos termos do artigo 39.2.a) da LCSP.

Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 da LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Por tanto, os licitadores poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional baseándose na solvencia e medios doutras entidades, sempre e cando estas últimas cumpran coa habilitación profesional requirida pola normativa sectorial de seguros.

Nos contratos de servizos, de acordo co disposto no artigo 75.4 da LCSP, os poderes adxudicadores poderán esixir que determinadas partes ou traballos, en atención á súa especial natureza, sexan executadas directamente polo propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, por un participante na mesma, sempre que así se previu no prego. **Nesta contratación calquera entidade que participe na licitación e na execución do contrato deberá de dispoñer de habilitación profesional requirida pola normativa sectorial de seguros.**

Adscrición de medios persoais

Deberán especificar os nomes e a cualificación profesional do persoal adscrito a execución das prestacións contratadas. Poderán ser substituídos aínda que mantendo perfil e cualificación profesional durante a execución do servizo.

Esta última adscrición ten o carácter de obriga contractual esencial para os efectos previstos no artigo 211, para o caso de que se incumpran polo adxudicatario, nos termos previstos no PCAP e no PPT.

Los licitadores terán que presentar a siguiente documentación: (Artículos 140 e 141 LCSP).

6.1. DECLARACION RESPONSABLE

D. _____
con domicilio en el municipio de
calle _____
nº _____ provincia _____ país.....



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

teléfono _____
con D.N.I./NIF (o Pasaporte o documento que lo sustituya) Nº _____
actuando en nombre propio (o en representación de _____)

D.N.I. o N.I.F. Nº _____
y con domicilio en el municipio de _____
calle _____
nº _____, provincia....., país.....
teléfono _____

Toma parte en el procedimiento de adjudicación del contrato

y a cuyos efectos **DECLARA RESPONSABLEMENTE :**

- 1. Que ostenta la representación de la sociedad que presenta la oferta;**
- 2 Que cuenta con la adecuada solvencia económica, financiera y técnica o, en su caso, la clasificación correspondiente;**
- 3º Que cuenta con las autorizaciones necesarias para ejercer la actividad;**
- 4º Que no esta incurso en prohibición de contratar alguna;**
- 5º Que está al corriente en sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.**
- 6º A los efectos previstos de criterios de desempate certifica:**
 - 6.1 Que el número global de trabajadores de plantilla es de, siendo el número particular de trabajadores con discapacidad en plantilla de...., lo que representa un.....% 6.1.2 (superior al 2%)**
 - 6.2 Que el porcentaje de trabajadores fijos con discapacidad en la plantilla es del.....%**
- 7. Que autoriza al Ayuntamiento de Arzúa a solicitar la cesión de la información por medios informáticos o telemáticos, sobre la circunstancia de estar al corriente de sus obligaciones tributarias y con la seguridad social.**

En _____ a _____ de _____ de 2020

EL LICITADOR (Firmado)

6.2 OFERTA ECONÓMICA

MODELO DE OFERTA:

D. _____
con domicilio en el municipio de
calle _____
nº _____ provincia país.....
teléfono _____
con D.N.I./NIF (o Pasaporte o documento que lo sustituya) Nº _____
actuando en nombre propio (o en representación de _____)

D.N.I. o N.I.F. Nº _____
y con domicilio en el municipio de _____
calle _____



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

nº _____, provincia....., país.....
teléfono _____

Se compromete a ejecutar el contrato _____ conforme a
PPT que rige esta contratación

Ofrece el siguiente precio (DATOS SOLO EN NÚMEROS ,NO EN LETRA):

A) Precio sin IVA..... Euros).

En.....de.....de 2020
El licitador (firmado)

El licitador se compromete a mantener su oferta por un plazo mínimo de tres meses a contar desde la apertura de las proposiciones.

7.- DOCUMENTACIÓN QUE SERÁ REQUERIDA O LICITADOR PROPOSTO PARA ADXUDICACIÓN
(no é obrigatorio presentar esta documentación coa oferta non obstante o licitador pode presentala coa oferta se así o considera)

O licitador proposto como adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

1. Certificación ou documento acreditativo de que esta o corrente no cumprimenot das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
2. Tarxeta de NIF/fotocopia NIF
3. Constitución garantía definitiva, 5% precio de adxudicación

O órgano de contratación para o bo fin do procedemento poderá recabar antes da adxudicación calquera documentación aos licitadores acreditativa das condicións establecidas para ser adxudicatario .

ACREDITACIÓN SOLVENCIA ECONÓMICA POLIZA RESPONSABILIDADE CIVIL

Medios de acreditación: Volume anual de negocios

Criterio: O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación e nos pregos do contrato. O volume de negocios mínimo anual esixido será de **5.000 Euros**.

Acreditación documental: O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, (Se as contas presentáronse de forma telemática poderanse acreditar mediante certificado telemático expedido polo Rexistro Mercantil), se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

ACREDITACIÓN SOLVENCIA TÉCNICA RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL

Medios de acreditación 1: Relación de servizos ou traballos realizados

Criterio: Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos; cando sexa necesario para garantir un nivel adecuado de competencia os poderes adxudicadores poderán indicar que se terán en conta as probas dos servizos pertinentes efectuados máis de tres anos antes. En concreto, executar durante os tres últimos anos polo menos 3 contratos de seguros cuxos importes sumados deben de ser superiores á cantidade de **15.000 €**. A efectos de suma requírese que esta sexa o resultado da realización de seguros de responsabilidade civil patrimonial.

Acreditación documental: Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por leste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Medio de acreditación 2: Habilitación profesional

Criterio: Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade

Acreditación documental: A empresa adxudicataria deberá posuír certificación de inscrición no Rexistro Xeral de Entidades Aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no ramo de seguro correspondente ao obxecto deste contrato, a que se refire o art. 74 do TR 6/2004 da lei de ordenación e supervisión de seguros privados. A adxudicataria deberá, mediante presentación da documentación expedida por organismo competente, acreditar tal circunstancia.

8.- CRITERIOS VALORACIÓN

FASE ÚNICA (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS)

1.- OFERTA ECONÓMICA

Oferta Económica. ata
100 puntos



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Valorarase ata 100 puntos coa fórmula elaborada polo departamento de matemática aplicada da Universidade de Santiago de Compostela ver Pregos tipo obras procedemento aberto Excma. Diputación Provincial A Coruña.

9.- CRITERIOS DESEMPATE

No suposto de que aplicando o criterio de adxudicación varias empresas licitadoras empaten terá preferencia na adxudicación o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla o vencemento de prazo de presentación de ofertas artigo 47 LCSP.

10.- PAGO FACTURA

DATOS DE LA FACTURA

- | | |
|---------------------------------------|--|
| 1. IDENTIFICACIÓN DEL DESTINATARIO. | ENTIDAD LOCAL :CONCELLO DE ARZUA
NIF:P1500600J
CÓDIGO:01150063 |
| 2. ÓRGANO DECISORIO/GESTOR. | ALCALDE/PRESIDENTE
CÓDIGO: LA0003229 |
| 3.- IDENTIFICACIÓN UNIDAD CONTABLE | INTERVENCION- TESORERÍA
CÓDIGO: LA0003230 |
| 4.- IDENTIFICACIÓN UNIDAD TRAMITADORA | INTEVENCION-TESORERÍA
CÓDIGO: LA003230 |
| 5.- | CÓDIGO DE EXPEDIENTE: 2020/C002/ 000059 |

PREGO PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PÓLIZA RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL

OBXECTO DO CONTRATO

Sera obxecto do presente contrato a subscrición por parte do Concello de Arzúa dunha póliza de seguro de **Responsabilidade Civil Patrimonial**, conforme ás condicións que se especifican no presente Prego, as cales teñen a consideración de coberturas mínimas. O obxecto do contrato abarcará dúas vertentes:

- Responsabilidade Civil, derivada dos actos ou omisións non dolosos que ocasionen danos a terceiras persoas, conforme á regulación establecida no Dereito Privado.
- Responsabilidade Patrimonial da Administración Pública atribuída á administración segundo o establecido na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Administracións Públicas e 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, é dicir, a atribuída polo ordenamento xurídico á Administración, por aqueles danos producidos ao particular como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

DEFINICIÓNS

ASEGURADOR

A persoa xurídica que, a cambio da cobranza da prima, asume o risco contractualmente pactado.

TOMADOR DO SEGURO

Terá a condición de contratante do seguro, o Concello de Arzúa e ao que corresponden as obrigacións que do mesmo derívense, salvo as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo asegurado.

ASEGURADO

Terán a condición de asegurado neste contrato:

- O Concello de Arzúa e a Corporación no desempeño das funcións que lle son propios.
- As persoas xurídicas vinculadas ao Concello de Arzúa, isto é, os seus Organismos Autónomos Administrativos e entes dependentes que se atopen constituídos ou que se comnstituyan durante a vixencia da póliza, excluídas as sociedades municipais.
- As persoas que, con dependencia laboral ou funcionarial, que actúen dentro do ámbito do Concello de Arzúa ou dos seus Organismos Autónomos e entes dependentes, ou por conta destes, ou executen actividades por encargo ou para os mesmos no cumprimento das actividades que lle son propias, excluídas as sociedades municipais.
- As persoas físicas que actúen ao servizo do Concello de Arzúa como voluntarios de Protección Civil, Servizos Sociais, persoal docente e en xeral aqueloutras que presten servizos como consecuencia de acordos ou convenios con Universidade ou centros docentes, persoal en comisión de servizos procedente doutras administracións, así como bolseiros que actúen ao servizo das entidades aseguradas en actividades que estas organicen.
- O persoal técnico titulado no exercicio das súas actividades profesionais por conta do Concello de Arzúa e os seus Organismos Autónomos, persoal en prácticas e/ou formación, así como as persoas que traballen baixo o control e dependencia daqueles, excluídas as sociedades municipais.
- Os aspirantes que participen en probas selectivas de ingreso no Concello de Arzúa, así como aqueles que se atopen realizando cursos de formación e/ou de prácticas administrativas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

TERCEIROS

Terán a consideración de Terceiros, a efectos deste contrato:

- Os asegurados na súa calidade de usuarios dos servizos do Tomador e do resto de entidades aseguradas. Incluídos os participantes nos posibles eventos, cursos etc. organizados polo asegurado.
- Os asegurados respecto da responsabilidade civil patronal ou accidentes de traballo. Serán considerados como terceiros os empregados do asegurado, empregados de subcontratistas ou contratistas e persoal dependente de todos eles, persoal bolseiro ou en prácticas.
- Calquera persoa física ou xurídica distinta do Tomador do seguro e dos Asegurados como consecuencia das actividades dos Asegurados e do persoal dependente do mesmo. Sempre que acredite sufrir prexuízos ou danos avaliábles economicamente, como consecuencia das actividades dos asegurados.

DANO MATERIAL

Toda destrución ou deterioración, menoscabo ou desaparición dun ben ou parte do mesmo, así como toda lesión física ocasionada aos animais.

DANO CORPORAL

A lesión corporal ou morte causada a unha persoa física, incluíndo enfermidade derivada.

PREXUÍZO CONSECUTIVO

A perda económica consecuencia directa dos danos corporais ou materiais, cubertos pola póliza, sufridos polo reclamante da devandita perda.

PREXUÍZO NON CONSECUTIVO (PREXUÍZOS PATRIMONIAIS PUROS)

A perda económica sufrida polo reclamante da devandita perda, non consecuencia dun previo dano corporal ou material.

PÓLIZA

O documento que contén as condicións reguladoras do seguro. Formarán parte integrante da póliza o Prego de Cláusulas Administrativas e o Prego de Prescricións Técnicas de responsabilidade que rexen para esta contratación. Así como as "condicións particulares", as "cláusulas especiais" e as "actas" ou "suplementos" que se emitan para complementala ou modificala.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

PRIMA

É o prezo do seguro.

O cálculo da prima neta realízase tendo en conta o conxunto de coberturas contratadas, límites e sublímites de garantías ou "sumas aseguradas", franquías, condicións de aseguramento e demais condicións pactadas que consten na póliza, de forma que a variación en calquera destas condicións determinará a correspondente modificación da prima.

O recibo conterá, ademais, as recargas ou tributos que sexan de legal aplicación en cada momento, que, sumados á prima neta, darán como resultado a prima total.

SINIESTRO

Todo feito que producise un dano do que poida resultar legalmente responsable o asegurado, sempre que sexa obxecto deste contrato de seguro e poña en xogo as garantías da póliza de conformidade aos termos e condicións pactados.

Considérase como un só e único sinistro a sucesión de feitos ou circunstancias que se deriven dun mesmo orixe ou igual causa, con independencia do número de prexudicados ou reclamacións formuladas e do número de profesionais implicados.

O concepto de sinistro delimitase temporalmente de acordo coa cláusula de "ámbito temporal de cobertura"

LIMITES DE INDEMNIZACIÓN

A cantidade máxima de que responderá o Asegurador pola suma de todas as indemnizacións e gastos do sinistro sexa cal fose o número de coberturas afectadas.

LÍMITE DE INDEMNIZACIÓN POR SINISTRO

A cantidade máxima a cargo do Asegurador pola suma de todas as indemnizacións, intereses e gastos correspondentes a un sinistro.

SUBLÍMITE DE INDEMNIZACIÓN POR VÍCTIMA

A cantidade máxima a cargo do Asegurador pola suma de todas as indemnizacións, intereses e gastos correspondentes á vítima, lesionado ou danado, xunto coas que, no seu caso, puidesen corresponder áos seus causahabentes ou perxudicados.

LÍMITE DE INDEMNIZACIÓN POR ANUALIDADE E/O POR PERÍODO DE SEGURO

A cantidade máxima de que responderá o Asegurador pola suma de todas as indemnizacións, intereses e gastos correspondentes a cada período de seguro, con independencia de que sexa consumida e un ou varios sinistros, entendendo por período de seguro o comprendido entre dous vencementos anuais de prima, ou entre a entrada en vigor e a data do fin do seguro, se tivese unha duración inferior a un ano.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

FRANQUÍA

A cantidade expresamente pactada que está a cargo do Asegurado e que se deducirá da indemnización e gastos que correspondan a cada sinistro, calquera que sexa a forma e contía en que estes se liquiden.

Por tanto, o Asegurador só indemnizará os sinistros ata o límite da suma asegurada, no exceso das cantidades establecidas como franquía.

RECLAMACIÓN

Reclamación Entenderase por reclamación:

- Os procedementos xudiciais ou administrativos, dirixidos contra o Asegurado.
- Os requirimentos formais e por escrito, formulados contra o Asegurado ou contra a Cía. de Seguros, derivado dun sinistro amparado polo contrato.
- As comunicacións escritas do prexudicado dirixidas ao asegurado por calquera medio, derivado dun sinistro amparado polo contrato. Considerarase que constitúen unha única reclamación os diversos procedementos xudiciais ou administrativos, requirimentos formais e por escrito formulados contra o Asegurado ou contra a Cía. de Seguros, ou comunicacións escritas do prexudicado dirixidas ao Asegurado, que deriven dun mesmo sinistro, aínda que se formulen en momentos diferentes.

Non terá a consideración de reclamación:

- Calquera queixa, aínda que sexa escrita, na que non se manifeste claramente a intención de levar a cabo unha reclamación formal con contido económico, así como as queixas que os servizos municipais reciban a través do sistema de Reclamacións e Suxerencias.
- A mera citación do Asegurado como testemuña nun procedemento xudicial ou administrativo, nin pola solicitude efectuada por un interesado ou por un órgano xudicial, administrativo ou parlamentario, de que se remita unha documentación administrativa.

OBJECTO DO SEGURO

O presente seguro garantirá as consecuencias económicas derivadas da **Responsabilidade Civil, Patrimonial, Cruzada, Post-Traballos, Profesional e Patronal** que durante a vixencia do contrato puidese corresponder directa, mancomunada, solidaria ou subsidiariamente ao Asegurado polo ordenamento xurídico vixente, causados por acción ou omisión a terceiros, no exercicio das súas actividades ou funcións, incluíndo a responsabilidade que corresponda ao Asegurado por accións ou omisións das persoas sobre as que o Asegurado exerza o deber de "in vixiando"

Queda expresamente amparada a responsabilidade que lle sexa esixida ao Tomador e/ou Asegurado cando a reclamación do prexudicado canalícese pola vía da **Responsabilidade Patrimonial da Administración**, segundo o establecido nas **Leis 39/2015 do 1 de outubro**, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e **40/2015 do 1 de outubro**, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a demais normativa vixente en cada momento para estes efectos. É dicir, a atribuída polo ordenamento xurídico da Administración, por aqueles danos producidos ao particular como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos prestados, **coa exclusión dos supostos de forza maior.**



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Quedan amparadas as consecuencias económicas polos Prexuízos Patrimoniais Puros, debidamente acreditados, causados involuntariamente a terceiros, que non sexan resultado dun dano corporal ou material previo, ben sexan sufridos por outro terceiro que non soportase directamente tales danos corporais ou materiais, pero sempre que se deban a un feito xerador de carácter accidental, extraordinario e aleatorio, de cuxas consecuencias deba legalmente responder o Asegurado conforme a dereito.

Así mesmo, garantíranse os gastos e honorarios para a prestación da defensa e as fianzas xudiciais que puidesen dar lugar.

GARANTÍAS ASEGURADAS

RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL

Con carácter xeral quedarán incluídos todos os actos que sexan propios e específicos das entidades aseguradas e do resto de Asegurados, e en particular, con carácter enunciativo e non limitativo, garántense as seguintes responsabilidades que directa, solidaria ou subsidiariamente poidanlles corresponder por todo danos corporal, dano material e/ou prexuízo consecutivo, que sufran os terceiros nos seus bens e/ou dereitos, sempre que os mesmos sexan consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos .:

- Da titularidade, explotación e uso de bens mobles e inmobles (e os seus contidos) e instalacións pertencentes ao seu patrimonio ou cuxa posesión ostente por calquera título xurídico.
- Da súa calidade de arrendatario de bens inmobles que ocupe en réxime de arrendamento ou en virtude de calquera outro título fronte aos seus propietarios.

- Da titularidade, propiedade, mantemento e explotación polas entidades aseguradas de:

☐ Bibliotecas, museos, todo tipo de centros de ensino, talleres ocupacionais, centros de formación profesional; así como a responsabilidade directa ou subsidiaria pola organización e participación en actividades - talleres tales como: cursos de verán, conferencias, talleres de bricolaxe e lecer, concertos, teatros escolares, excursións e visitas culturais.

☐ Residencias, albergues, refuxios, hostais, cámpings, establecementos hostaleiros e similares.

☐ Centros deportivos, campos de deportes, piscinas e resto de instalacións deportivas municipais.

☐ Semáforos, postes de iluminación, sinais de tráfico, rede de sumidoiros, limpeza urbana, recollida de lixos, instalacións e canalizacións de auga.

☐ Garaxes para vehículos, depósitos de vehículos, mercados, matadoiros, cemiterios e calquera outro depósito municipal.

- Da propiedade e mantemento de vías públicas e camiños veciñais, prazas e pontes a cargo do Asegurado, así como a derivada do arboledo cuxa conservación e mantemento sexa responsabilidade municipal.
- Do estado de conservación e mantemento das distintas instalacións e bens mobles e inmobles que utiliza o Asegurado, sexa cal fose o seu título, para o concreto desenvolvemento da súa actividade.
- Da realización dos traballos propios das competencias das entidades aseguradas, tales como servizo de guindastre, iluminación pública, rede de sumidoiros, depósitos e



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

conducións de auga ou desaugadoiros e en xeral de todos os traballos de mantemento e reparación.

- Das instalacións destinadas a distribución xeral e acometida dos servizos de auga e rede de sumidoiros, cando os danos teñan a súa orixe na caída, avaría ou rotura daquelas. Neste sentido enténdese por instalacións de acometida as derivacións que parten da liña xeral de distribución e prolónganse ata a chave común de paso instalada á entrada do inmovble.
- Da súa obrigaón de control sanitario dos alimentos, da manipulación, venda e distribución dos mesmos, así como as derivadas de intoxicacións ou envelenamentos, a manipulación, venda e distribución dos mesmos, así como as derivadas de intoxicacións ou envelenamentos producidos ás persoas por produtos alimenticios ou bebidas en malas condicións, servidos nas dependencias das entidades aseguradas.
- Do servizo de vixilancia, seguridade e mobilidade, mesmo cando comprenda o uso de armamento de lume, así como os medios de represión utilizados polas forzas de seguridade e vixilancia dependentes do Asegurado.
- Da orde de retirada de vehículos da vía pública, por danos aos vehículos de terceiros que estean provisionalmente en poder e depósito do Concello. Igualmente quedan garantidos os danos a vehículos depositados ou custodiados en aparcamentos municipais.
- Da recollida ou tratamento de lixos, limpeza viaria de servizos urbanísticos municipais e actividades similares.
